



15 – 17 Marzo



Kortrijk (Bélxica)

Trade fair for premium
food & drinks

TAVOLA

Kortrijk Xpo | 15-16-17 March 2026

Participación agrupada de Clusaga na Expo Tavola 2026

O Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) impulsa unha **participación agrupada de empresas e entidades socias** na feira internacional **TAVOLA XPO 2026**, que se celebrará do **15 ao 17 de marzo de 2026** no recinto **Kortrijk Xpo**, en Kortrijk (Bélxica).

SOBRE TAVOLA

A feira internacional **TAVOLA** consolídase como unha das **principais citas bienais de referencia para os profesionais do sector alimentario especializados en produtos premium**, gourmet e delicatessen. Celebrada de maneira ininterrompida desde 1982, TAVOLA reúne nun mesmo espazo a **fabricantes, importadores, distribuidores, cadeas especializadas e compradores internacionais estritamente seleccionados**, garantindo un perfil profesional de alto nivel.

DIMENSIÓN E ALCANCE

Máis de **450 expositores internacionais**, presentando produtos de alta calidade e innovación.

Case **16.000 visitantes profesionais** de arredor de **30 países**, entre os que destacan compradores de Benelux, Francia e Alemaña.

Perfil de visitantes altamente cualificado: distribuidores, importadores, exportadores, cadeas especializadas, profesionais de restauración e prescriptores internacionais.

PLATAFORMA DE VISIBILIDADE

TAVOLA non é só un escaparate expositivo: é un **espazo estratéxico para a internacionalización e o recoñecemento das marcas**, no que se promoven iniciativas de alto impacto como os **Premios Golden Tavola**, que permiten ás empresas participantes **obter recoñecemento internacional**, reforzar o seu posicionamento de marca e aumentar a súa notoriedade ante compradores e prescriptores especializados.

PARTICIPACIÓN AGRUPADA CON CLUSAGA

A participación agrupada coordinada por Clusaga ten como obxectivo **optimizar a presenza das empresas galegas**, mellorar a súa visibilidade conxunta baixo unha imaxe común e facilitar o acceso a un evento de alto valor estratéxico para a internacionalización do sector alimentario.

MÁIS INFORMACIÓN

Para máis detalles sobre a feira, categorías de produto, programa de actividades e requisitos de participación, pódese consultar a web oficial de TAVOLA: www.tavola-xpo.be

Detalles da participación

O custo de participación nun **stand individual de 12 m² con montaxe básica** é de **3.577,50 €** por empresa. Como alternativa, existe a opción de **stand compartido**, no que dúas empresas poden dividir un stand de 12 m², dispoñendo cada unha de aproximadamente **6 m²**, cun prezo de **1.788,75 €** por empresa.

As empresas participantes poden acceder ás **subvencións do programa Galicia Exporta**, que poden cubrir **ata un 70% do investimento total**, incluíndo o custo do stand, a montaxe básica e os gastos de viaxe e aloxamento de persoal para a feira.

Máis información

✉ global@clusaga.org ☎ 881 023 853

MANIFESTACIÓN DE INTERESE